

CEIP PLURILINGÜE SANTO ESTEVO DE PARGA

PROXECTO OS ANIMAIS



2018-2019

VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS

VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS

Índice de contidos

1. Introducción
 - 1.1 Xustificación
 - 1.2 Obxectivos de etapa
 - 1.3 Contidos curriculares
 - 1.4 Criterios e estándares de avaliación
 - 1.5 Alumnado participante
 - 1.6 Profesorado participante
 - 1.7 Organización e planificación
 - 1.8 Competencias
2. Temática de investigación proposta
3. Descrición do proceso de elaboración
4. Tarefas realizadas polo alumnado
5. Recursos
6. Difusión dos traballos
7. Implicación da comunidade educativa
8. Avaliación.
9. Función e participación da biblioteca escolar.
10. Conclusións.

VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS

1. INTRODUCCIÓN.

1.1. Xustificación.

O CEIP Plurilingüe Santo Estevo de Parga está situado na localidade de Parga e pertence ao concello de Guitiriz, en Lugo. Contamos con 47 nenos e nenas de Educación Infantil e Primaria distribuídos de forma agrupada en 4 unidades: 4º, 5º e 6º de E.I., 1º e 2º de EP, 3º e 4º de EP e 5º e 6º de EP.

Neste curso 2018-2019 o claustro estivo formado por unha mestra de E.I., dúas mestras de E.P., e os especialistas de Ed. Musical, Lingua Estranxeira (Inglés) e Educación Física. Ademais do profesorado itinerante de PT/AL., Orientación, relixión e un auxiliar de conversa estadounidense.

Partindo dun centro de interese do noso alumnado como son os animais, plantexamos un proxecto con dita temática como eixe vertebrador do traballo deste curso. Formamos un equipo de traballo que recibiu formación no uso de dispositivos móbiles na biblioteca escolar e traballou na creación de recursos e aplicacións de ferramentas; continuouse coa elaboración do blog *Papalibros*; participamos nos Contrato-Programa para a mellora das competencias matemática, en comunicación lingüística e básicas en ciencia e tecnoloxía así como nos Plan Proxecta: aliméntate ben *Mergullámonos no fondo do mar* e no Plan Proxecta: protexe os animais, relacionados en todo caso, co noso Proxecto sobre os animais.

VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS

1.2. Obxectivos

A fin última da educación primaria debe ser a formación integral do neno e da nena e co traballo abordado durante o curso escolar, contribúese ademais, á consecución dos seguintes obxectivos de etapa:

- a) Coñecer e apreciar os valores e normas de convivencia.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e equipo, esforzo, responsabilidade, autoconfianza, sentido crítico, iniciativa, curiosidade, interese, creatividade...
- c) Adquirir habilidades para a prevención e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferenzas entre as persoas e a non discriminación.
- e) Coñecer e utilizar as linguas cooficiais e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir nunha lingua estranxeira competencia comunicativa básica.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, sociais, xeografía, historia e cultura, con especial atención aos vinculados a Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das TICs, desenvolvendo un espírito crítico.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar comportamentos que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS

1.3 Contidos curriculares

- ✓ Seres vivos ,características e catalogación do seu medio.
- ✓ Observación dun animal no seu medio.
- ✓ Búsqueda guiada de información.
- ✓ Planificación de proxectos e investigacións.

1.4. Estándares de aprendizaxe

- Búsqueda de información en Internet,libros,revistas...
- Traballo cooperativo.
- Identifiacación das emocións .
- Identificación das características dos animais características,o seu medio,hábitat e clasificación.
- Observación dos animais.
- Autonomía na planificación e descubrimento nas tarefas de localización.
- Búsqueda de estratexias para a investigación.

1.5. Alumnado participante.

46 alumnos de educación Infantil e Primaria.

1.6. Profesorado participante.

Todo o claustro formado por 7 profesores.

Os profesores creadores deste traballo de innovación que arranca dun Grupo de Traballo da Biblioteca Escolar son:

- ✚ Miguel Cabarcos Rouco
- ✚ Cristina Díaz Baamonde
- ✚ Elena Fresno Saá.....COORDINACIÓN
- ✚ Alba López Legaspi
- ✚ Adelina Lidia Cabana Cendán

VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS

Grazas a súa aportación ,produciuse unha ampla dinamización no centro que abrague a todo o alumnado, resto do profesorado e comunidade educativa.

Un novo impulso das tics aplicadas á información e sabiduría.

1.7. Organización para a súa aplicación.

- ❖ Planificación nas aulas de referencia do alumnado.
- ❖ Investigacións,debuxos,recreacións e montaxes nos expositores,nos respectivos andares mostrando á Comunidade o Proxecto.
- ❖ Aprendizaxe e manexo das aplicacións informáticas nas horas de formación dos curso de traballo- nas exclusivas ,de 4 a 7 da tarde durante catro sesións do curso escolar.
- ❖ Información- en conxunto- con todo o claustro.
- ❖ Preparación con todo o alumnado nas aulas de referencia.
- ❖ Redacción,montaxe,descarga de materiais no Grupo de Traballo en sesión preparatoria.
- ❖ Organización e planificación da actividade final coa Xefatura de Estudos.
- ❖ Actividade final o día 7 de xuño con todo o colexio.
- ❖ Vídeo de mostra á Comunidade Educativa o día 21 de xuño no Festival Fin de Curso.

1.8.

COMPETENCIAS

- **Competencia lingüística:** a través deste proxecto tratamos de fomentar e mellorar esta competencia, xa que o alumnado tivo que elaborar tanto composicións escritas como orais,

VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS

respectando as normas formais. Do mesmo xeito tiveron que buscar e extraer información, co que abordando a importancia da comprensión do que len.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:** a través de conceptos e procesos científicos.
- **Coñecemento e Interacción co mundo físico:** todo o proxecto implica coñecer e interactuar activamente cunha parte do entorno e do mundo físico que nos rodea: o espazo exterior. Tamén se traballou con códigos QR, unha das formas máis innovadoras na actualidade para o acceso á información en internet.
- **Competencia dixital:** a través da búsqueda de información en internet, utilización de soportes TIC, creación dun blogue en internet, elaboración de fichas dixitais sobre os animais hipervinculadas a códigos QR colocados en diferentes partes do centro.
- **Aprender a aprender:** tratamos de que todo o proceso tivese un claro carácter de retroalimentación, utilizando diferentes estratexias e recursos que permitisen aos alumnos/as planificar a súa aprendizaxe, superar as dificultades e corrixir os posibles erros que fosen xurdindo, fomentando nos nenos/as, ao mesmo, tempo as gañas de aprender e ampliar os seus coñecementos dende unha temática de planificación vertical e horizontal na nosa PXA e proxectos do centro.
- **Competencias sociais e cívicas:** xa que todo o proxecto foi levado a cabo desde unha perspectiva grupal, tanto a nivel de aula, como a nivel de centro, fomentando o respecto polo traballo dos demais e a colaboración e cooperación no traballo conxunto nos grupos interxeracionais onde todos axudan a todos.
Respeto e conciencia ecoloxista de coidado polos ecosistemas e especies en perigo de extinción.
- **Conciencia e expresións culturais:** Os nenos/as participaron activamente en todo o proceso de decoración do centro e e elaboración de materiais, así como en

VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS

numerosas obras musicais-coplas representadas nos festivais do colexio relacionadas co tema do proxecto. As familias colaboraron cos nenos/as na elaboración dos disfraces nun taller centro-casa de animais para o Entroido

2-TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTA

Investigación de animais e curiosidades en tódolos formatos e recursos-coordinándose con tódolos proxectos do centro -grupos de dinamización-festas e celebracións.

Utilizando os medios dixitais e plataformas diversas para a súa plasmación ,visulización e aprendizaxe a través do xogo e manipulación.

3 --DESCRIPCIÓN DO PROCESO DE ELABORACIÓN.

1. Entrado o curso-na PXA-,comenzamos a barallar un eixo temático a traballar perante todo o curso en tódolos proxectos , grupos de dinamización e conmemoracións.
2. Co gallo da participación exitosa no Plambe; reflexionamos en prol da creación dun novo GRUPO DE TRABALLO DE CENTRO da Biblioteca Escolar,grazas ás propostas de Bibliotecas Escolares e Centro de Recursos da Provincia de Lugo-a cargo da respectivas asesorías-Neste grupo de traballo conquerimos dirixir a nosa formación en dous vértices.
-----Uso de dispositivos móbiles na biblioteca escolar.
-----Creación de recursos e aplicación de ferramentas dixitais na biblioteca escolar.
3. A formación destes cursos nos deu pé para coñecer plataformas informáticas varias de aplicación ás nosas aulas-deseño de actividades cara os nosos alumnos-mostra para que os nenos creasen e fotografiasen...etc
Coñecemos e manexamos:XERAMOS CÓDIGOS QR-VIVAVÍDEO-CANVA-KAHOOT-SCOOMPA.

VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS

4. Grazas as dotacións económicas puidemos ter xa 12 tablets para poñer nas mans dos nosos alumnos e crear un xogo cooperativo interxeracional –científico-lúdico-ecoloxista e divertido nunha educación para a competencia da información=alfabetización múltiple.
5. Paralelamente durante todo o curso se producen actividades de coñecemento – investigación a través da lectura, visionado de vídeos, excursións, cancións, debuxos, plasmacións plásticas, recreacións artísticas e coplísticas nos actos e festas etnográficas e de tradición popular sobre a TEMÁTICA DOS ANIMAIS. Actividades resaltadas na páxina web do centro (blog) e blog da biblioteca PAPALIBROS.

<https://ceipsantoestevo.wordpress.com>

<https://ogogardopapalibros.blogs.com>

6. A formación recibida nas docencias foi de gran utilidade ,de xeito que as tablets se coverteron nun recurso máis ó que botar man para crear novos recursos para a aula. Existiu maior motivación ,iniciativa e ganas de afrontar novos retos no noso alumnado.
7. Empezamos o traballo de final de curso en varias fases :
 - O alumnado dos curso de 1º-2º-3º-4º-5º-6º-fotografía coas tables as imaxes dos animais a estudo. Fíxase nas súas costumes, características, tipoloxía, especie, nome científico e continente de onde pertence.
 - O alumnado de Educación Infantil prepara cancións propias dos animais: mariquitas, formigas, abellas, bolboretas ; animais que recreamos na festa do Entroido (disfraces -coa creación artesanal profes-alumnado e pais-) ; percorrendo o pobo xunto coa Comunidade Educativa .
 - O alumnado de 3º e 4º realiza animais fantásticos tanto plásticamente (debuxo e barro pintado) como narrando por escrito .

VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS

- Ningún curso coñece a información do que traballa os outros cursos.
- Realizamos plasmacións pictóricas e ambientais nos corredores.

4 -DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA O PROFESORADO E ALUMNADO.

O alumnado,despois de realizar as anteriormente sinaladas actividades.

- Con todas esas imaxes o profesorado do Grupo de Traballo preparan – **probos curriculares** coas plataformas informáticas CANVA E VIVAVÍDEO.

16 Carteis que levarán preguntas e temáticas relacionadas co traballado na aula (ex. QUE ANIMAL É BARTOLITO? ,CRIATURAS EXTRAORDINARIAS:SUCALOTA É UNHA MESTURA DE...) e o código QR con contidos exclusivos de cada curso, que despois de fotografalo aparecerá a resposta.

1-Comenza o **MERGULLO** na **BUSCA DO TESOURO EN EQUIPOS**

INTERXERACIONAIS SOBRE A TEMÁTICA “ANIMAIS EN PERIGO DE EXTINCIÓN”.

EXPLICACIÓN E PREPARACIÓN DE CIRCUITOS

O profesorado do Grupo de Traballo edita un vídeo coa aplicación VIVAVÍDEO para o alumnado e profesorado como explicación do xogo e retos a seguir- mentras o resto de profes esconden as pistas e pezas do crebacabezas- en todo o recinto.

O VÍDEO relata baixo a Competencia da Información e Comunicación:

- ❖ **Situación de Parga no mundo (eixos temáticos:mundo-continente-pais-rexión-localidade).**

VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS

- ❖ **Interacciona o alumnado e profesorado como exploradores na búsqueda de animais grazas a actividades xa previamente realizadas.**
- ❖ **Exploramos por terra-mar e aire; en relación ás saídas complementarias e extraescolares realizadas polo alumnado nas excursión durante este curso.**
- ❖ **Resáltase os perigos que pasan os animais polo maltrato ós ecosistemas e pouca conciencia ecoloxista.**
- ❖ **Desperta a pertenza de cada grupo de alumnos INTERXERACIONAL ,a un continente-en relación color de brazaletes- con cada animal a salvar das garras do desastre ecolóxico.**
- ❖ **Desperta a conciencia no alumnado para salvar os animais en perigo de extinción.**
- ❖ **Coñecen e valoran o traballo das Organizacións de Protección ós animais.**
- ❖ **Síntense un membro máis como defensor e protector diario dos animais.**
- ❖ **Centra a loita e valores éticos ,salvando á PITA DO MONTE- a VAQUIÑA MARINA—KOALA- RINOCERONTE BLANCO E OSO PANDA.**

1.1.O profesorado realiza cinco equipos de alumnos ,de distintas idades e cursos (vermello,amarelo,verde,rosa e azul claro). Cada equipo o brazaletes de cada color.

1.2. O profesorado distribúe 16 ESTACIÓNS (probos localizadas en diferentes áreas do interior e exterior do edificio). O alumnado contará cun mapa para orientarse.Cada grupo un mapa e dúas tablets.

1.3. Cada ESTACIÓN constará dun código QR con contidos exclusivos de cada curso,de xeito que todos participen.

VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS

1.4.Cada grupo levará un guión das pistas en orden que debe seguir.Se unha pista está ocupada seguirá á seguinte.

1.5.Coa superación da proba ,entregarase na MESAS DE REUNIÓN unha peza dun CREBACABEZA,que debe encaixar e finalmente adiviñar o animal en PERIGO DE EXTINCIÓN QUE REPRESENTA A CADA EQUIPO.

1.6.Dentro de cada estación,haberá que superar e completar unha actividade ou reto que incluírán os CÓDIGOS QR dirixíndonos a aplicacións e páxinas web como golemaps,vimeo,worldwall,net,youtube.

PRODUTO FINAL

1.7. O alumnado de cada grupo chega á mesa central e realiza o crebacabezas.

1.8.Todo o alumnado coñece todas as actividades realizadas por tódolos cursos-información compartida-

Coñecen que salvaron a cinco animais en perigo de extinción.

1.9. RESUMO DA ACTIVIDADE:VÍDEO coa plataforma SCOOMPA,ilustra a actividade de forma clara e nítida.

5 –RECURSOS UTILIZADOS.

- Tablets ,plataformas informáticas,libros,pizarra dixital,fotografías.
- Fontes de investigación:Nacional Xeographic,libros científicos da biblioteca centro e Familias,Fundación Aquae-Palmitos Parck..etc;Ongs de Defensa e Protección dos animais.

VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS

6. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS

Para difundir o proxecto utilizáronse os seguintes medios:

- Exposición do traballo do alumnado entre os compañeiros
- Cartas enviadas á Comunidade Escolar, Familias e Organismos.
- Visita da Asesora da zona de Bibliotecas Escolares.
- A través do prensa local.
- Web e blog de bibliotecas escolares “PAPALIBROS” e blog do centro.
- Visualización no Festival Fin de curso ,xunto con outros actos que duraron 3 horas de representacións e bailes.

7-IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

O alumnado foi o auténtico protagonista de todo o proxecto desenvolvendo todas as tarefas. Todo o claustro de profesores colaborou no desenvolvemento das diferentes tarefas de principio a fin. As familias colaboraron no visionado da decoración do espazo da biblioteca e aportaron materiais relacionados co tema (libros, vídeos, obxectos, fotografías, entre outros) que formaron parte da fase de investigación. Participaron nos eventos que se realizaron, como foi o Festivais de Nadal e de Fin de Curso onde houbo representacións relacionadas co proxecto, acudindo como espectadores/as; o Entroido, no que colaboraron na elaboración dos traxes de animais e no concurso de cabaciñas.

VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS



- Coñezo o nome de animais en perigo de extinción.
- Participei activamente na elaboración de investigacións na escrita e na expresión oral xunto coa decoración da biblioteca.
- Mantiven unha boa relación de traballo cos meus compañeiros e compañeiras de grupo.
 - Entendín o plano e as cuestións.
 - Enlacei ben o código QR coas respostas das cuestións.

Para o Profesorado:

- Conseguíronse os obxectivos propostos.
- As actividades propostas foron motivantes para o alumnado
- As actividades propostas puxeron ao alumnado nunha verdadeira “situación de aprendizaxe”.
- O alumnado participou activamente nas actividades de investigación.
- A valoración xeral do alumnado sobre o proxecto foi positiva.
- A participación das familias no proxecto foi satisfactoria.
- Os grupos foron ben seleccionados evitando a confrontación.
- A conectividade WIFI foi a axeitada.
- As pezas dos puzzles eran do tamaño axeitado e poderían estar plastificadas.
- A información sobre a temática estaba o suficientemente preparada.

9-FUNCIÓN E

PAPEL DA BIBLIOTECA

A **Biblioteca** foi o eixe principal sobre o que xira o desenvolvemento do proxecto. Coordinou desde o comezo o desenvolvemento do proxecto, procurou programar reunións periódicas co resto do claustro, de carácter informativo e para facer un seguimento do proceso.

Realizou o labor de busca, selección e difusión de materiais de diferente tipo para que o primeira fase de investigación puidese arrancar e fose máis doada para o alumnado e o claustro.


Organizouse a biblioteca de xeito que permitise o acceso aos recursos novos con rapidez, a través dunha mesa específica con recursos relacionados co proxecto e unha carpeta con enderezos web no ordenador da mesma.

Elaborou diferentes actividades de fomento da lectura relacionados co proxecto, en colaboración co equipo de EDLG, como foron concursos e certames literarios.

Propiciou grazas á incorporación no Plambe de dotación de 12 tablets e un novo cargador-armario para dar máis operatividade e axileza á praxis.

O Grupo de Traballo, de cinco mestres, foi o dinamizador por excelencia; tentando sacarlle partidas ás TICS e querendo formarse en novas aplicacións informáticas. O traballo do Cefore ,a Asesoría Plambe e a Coordinadora do Grupo de Traballo foi imprescindible para dar respostas as nosas inquedanzas.

VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS



Estas iniciativas cohesionan á Comunidade Educativa, soldan a aprendizaxe do alumnado coas perspectivas europeas das intelixencias múltiples, dan proxección globalizadora á escola rural dignificándoa, adornan o prestixio por parte das Autoridades Educativas e cuidan a autoestima dos mestres-que tanto nos fai falla-.

Considérese ou non a nosa INICIATIVA ; para nós foi un reto super gratificante.

Como directiva aprendín a moverme neste eido das TICS ,perdendo o medo.

Si de antemán ...motivei..recollín as innumerables ensinanzas deste grupo de mestres; que ben merecen un premio. Grazas.

En Parga a 10 de xullo de 2019.

Adelina Lidia Cabana Cendán.

VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS